



## **BASES DO CONCURSO DE FACEBOOK DENTRO DA CAMPAÑA DE NADAL 2020-2021**

### **OBXECTO DO SORTEO:**

O Concello de Carballo, dentro do programa de dinamización e promoción da actividade económica local durante a campaña de Nadal, organiza un concurso na rede social Facebook de Turismo Carballo (<https://www.facebook.com/turismodecarballo/>), co obxecto de estimular o papel dinamizador e revitalizador da campaña entre a poboación.

Trátase de fomentar o consumo local no comercio de proximidade, contribuíndo a diferenciarlo dos seus principais competidores, con actividades de dinamización que buscan ofrecer ao cliente unha atención personalizada, premiando a súa fidelidade.

### **PARTICIPACIÓN:**

Poderán participar no concurso as persoas maiores de idade que realicen un mínimo dunha compra por un importe superior a 20 euros en establecementos comerciais de Carballo (agás farmacias e tendas de alimentación) entre o 12 de decembro de 2020 e o 6 de xaneiro de 2021 e así o acrediten presentando o ticket de compra.

Para poder participar no concurso, quen teñan realizado unha compra de 20€ deberán:

- Darlle "like" á páxina de Facebook Turismo de Carballo: <https://www.facebook.com/turismodecarballo/>
- Compartir públicamente no seu perfil persoal de Facebook o post creado para o concurso e que estará fixado no Facebook de Turismo de Carballo entre o 21 de decembro de 2020 e o 6 de xaneiro de 2021.
- Subir ao post dedicado ao concurso unha imaxe de temática de Nadal na que se vexa claramente o alumeado de Nadal, os bastóns decorativos, o reno do Xardín Municipal ou calquera outra decoración de rúa de Carballo e que leve acompañado o hashtag #EsteNadalEnCarballo.

### **RESOLUCIÓN:**

As 10 imaxes que teñan máis reaccións ("gústame", "encántame", "impórtame", "divírteme", "asómbrame", "entristéceme" ou "enfádame") acumuladas entre o 21 de decembro e o 6 de xaneiro recibirán como premio un lote de material promocional de Turismo Carballo e serán publicadas como gañadoras en todas as redes sociais de Turismo Carballo (Facebook, Twitter e Instagram).

O persoal da área de Promoción Económica do Concello de Carballo poñerase en contacto coas persoas gañadoras a través da aplicación Messenger do Facebook e deberán proporcionar os seus datos persoais e o DNI. A partir dese momento, poderán recoller os premios no Museo de Bergantiños, presentando o documento de identidade e o ticket dunha compra superior a 20€ realizada nas datas xa mencionadas, no seguinte enderezo e horarios:

Museo de Bergantiños  
Rúa Martín Herrera, 8. 15100 Carballo  
Tlf: 981702077 / 698156402



Horario:

- De martes a venres, de 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 19.30.
- Sábados e domingos de feira de 11.00 a 14.00.
- Domingos non feirados e luns, pechado.

A data límite para recoller os premios é o 31 de marzo de 2021.

- Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); contacto: [lopd@carballo.gal](mailto:lopd@carballo.gal). Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.
- A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

